



CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

**Resumo da sinistralidade laboral
en Galicia no ano 2025**

Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia
Resumo da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2025

Abril de 2026

Elaboración: Secretaría de Saúde Laboral



PRESENTACIÓN	5
ACCIDENTES DE TRABAJO	8
1. Accidentes de trabajo con baixa	10
1.1. Accidentes de trabajo con baixa en xornada laboral.....	10
1.2. Accidentes de trabajo <i>in itinere</i>	17
2. Accidentes sen baixa en xornada laboral	18
ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO	20
1. Enfermidades causadas polo traballo.....	22
1.1 Enfermidades profesionais.....	22
Seguimos a voltas co «absentismo»	26
O mal chamado «absentismo laboral».....	26

PRESENTACIÓN

28 de Abril 2026

Día Mundial da Seguridade e a Saúde no Traballo

As enfermidades causadas polo traballo, principal desafío para a saúde e a seguridade das persoas traballadoras

En 2026 cúmprense 30 anos da entrada en vigor da Lei de prevención de riscos laborais. Unha lei que no seu día modernizou o marco legal da saúde e a seguridade no traballo en España e que logrou excelentes froitos, cun descenso significativo dos accidentes mortais de traballo durante os primeiros anos.

Porén, a realidade laboral experimentou importantes transformacións desde aquela. Os avances na dixitalización, as consecuencias do cambio climático, o aumento da presenza das mulleres no mundo do traballo e en ocupacións anteriormente reservadas en exclusiva aos homes, o envellecemento da poboación traballadora... modifican as condicións de traballo, as relacións laborais e os riscos a que nos enfrontamos neste século XXI. **Os accidentes de traballo seguen sendo a consecuencia máis evidente da falta de medidas preventivas, pero debemos atender as enfermidades de orixe laboral,** xa que representan un terrible e duradeiro prexuízo para as persoas traballadoras e un dos principais retos en materia preventiva.

Os accidentes de traballo reducíronse tanto en números absolutos como en índices de incidencia durante o último ano no conxunto do Estado, **pero 735 mortes causadas por accidentes de traballo seguen sendo inaceptables. No que respecta a Galicia, o número de accidentes en números absolutos increméntase en 407 e o índice de incidencia un 0,01 %.** As razóns que explican o descenso no conxunto do Estado son as melloras no mercado laboral no período posterior á pandemia grazas a medidas impulsadas polos sindicatos, como a reforma laboral de 2021, o desenvolvemento de proxectos dos fondos de recuperación Next Generation da UE ou os incrementos do SMI. Estas medidas reduciron factores de precariedade asociados á sinistralidade, como a temporalidade e a rotación de contratos.

Pero hai que destacar que, sendo certo que no conxunto do Estado se reduce o número de accidentes no 2025, como xa se dixo, en Galicia os datos reflicten que debemos seguir avanzando. **Cómpre seguir apostando pola mellora das condicións laborais** que, sen dúbida, axudarán a diminuír o número de accidentes no traballo.

Queda moito camiño por percorrer. Nalgúns sectores, a sinistralidade rexistrou un notable ascenso, o que obriga a reflexionar sobre **a necesidade dunha actualización da**

lexislación que recolla, non só os novos riscos, senón que protexa de forma adecuada dos riscos que levan ameazando durante décadas a saúde e a vida de moitas persoas traballadoras.

Na actualidade, o principal desafío para a saúde e a seguridade das persoas traballadoras son as enfermidades producidas polo traballo. No entanto, están invisibilizadas, cando non ocultadas.

A infradeclaración das enfermidades de orixe profesional é insostible. As avaliacións de riscos nas empresas presentan a miúdo deficiencias na identificación de riscos asociados a procesos crónicos, o que dificulta enormemente unha adecuada vixilancia da saúde. E cando se diagnostican, na inmensa maioría dos casos son derivadas polos servizos de prevención das empresas e polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social aos servizos públicos de saúde coa consideración de enfermidade común; isto impide o seu correcto rexistro e que se poidan acometer as medidas preventivas necesarias. A esta situación súmase a perda de prestacións para as persoas afectadas e a sobrecarga nunha sanidade pública xa de seu minguada.

Fronte a esta realidade, a resposta das organizacións empresariais teima nun enfoque erróneo e falto de toda sensibilidade cara ás persoas traballadoras. Ante o **incremento das baixas laborais**, propoñen reducir dereitos recollidos no Estatuto dos traballadores, obviando que as doenzas aparecen por ausencia de prevención e por unha insostible, pero xeneralizada, sanidade pública deteriorada.

Se hai un tipo de patoloxía que sofre especialmente este subrexistro é o cancro laboral. Segundo o Ministerio de Sanidade, estímase que falecen anualmente **8700 homes e 850 mulleres** por cancros debidos a exposicións laborais no conxunto do Estado.

Porén, en 2025 só se comunicaron **119 partes de enfermidade profesional** por exposición a axentes canceríxenos. Ante isto, o Goberno segue a resistirse a cumprir co seu compromiso de crear un rexistro de persoas traballadoras e de empresas con risco de exposición a estes axentes, un instrumento imprescindible para aflorar o cancro de orixe laboral.

Tampouco se aprobaron unhas condicións máis estritas para os traballos cun canceríxeno como a sílice cristalina respirable, malia que a silicose repunta de forma descontrolada nas últimas dúas décadas. **As vítimas do amianto son outras das grandes esquecidas** ao non se corraxir as deficiencias identificadas no regulamento para o Fondo de Compensación das Vítimas do Amianto, que lles están impedindo acceder ao seu dereito a cobrar as indemnizacións por un mero «formalismo» administrativo.

Os problemas relacionados coa saúde mental convertéronse nunha nova pandemia silenciosa. Factores relacionados coa organización do traballo están a influír de maneira inequívoca na aparición de estrés, ansiedade e depresión, sen que ninguén pa-

reza querer facer algo por evitalo. Riscos laborais psicosociais como os incrementos nas cargas e ritmos de traballo derivados da introdución de novas tecnoloxías, a prolongación das xornadas de traballo, as horas extras non remuneradas, o baixo control sobre o traballo ou a imposibilidade de conciliar traballo e familia están detrás do aumento das baixas por trastornos mentais.

En 2024 rexistráronse en España un total de **671 618 situacións de incapacidade temporal por trastornos mentais** e do comportamento; aumentaron un 136 % con respecto ás rexistradas en 2016. Porén, o pasado ano só 203 destas enfermidades foron rexistradas como continxencia profesional.

Estas desordes mentais non se notifican como accidentes de traballo porque non fan parte do cadro de enfermidades profesionais en vigor no noso país. Esta listaxe debe actualizarse para incluír as enfermidades mentais ocasionadas polo traballo, pero tamén para recoller algunhas patoloxías específicas das mulleres, como o cancro de ovario por exposición ao amianto ou o cancro de mama por exposición a traballos nocturnos, axentes químicos ou radiacións ionizantes. O cancro de pel por exposición a radiación solar, o cancro de pulmón por fumes diésel ou as enfermidades reumáticas autoinmunes sistémicas por sílice cristalina son tamén as ausentes, pero letais, nesta listaxe que urxe actualizar.

O Ministerio de Traballo e Economía social anunciou que 2026 será o ano da Seguridade e a Saúde no Traballo e, por fin, inicia a tramitación parlamentaria dunha actualización da Lei de prevención de riscos laborais. Trátase dun compromiso imprescindible para adecuar a falida prevención actual ás novas realidades do mundo do traballo. Por iso, desde CCOO solicitámoslles aos grupos parlamentarios responsabilidade ante esta situación de alarma e que aproben a nova lei que protexa as persoas nos seus centros de traballo.

O Goberno tamén acordou cos sindicatos un compromiso de desenvolvemento regulamentario da Lei de prevención de riscos laborais referido a riscos psicosociais, a modificación do actual RD de coordinación de actividades empresariais e da orde TIN que regula a acreditación dos servizos de prevención.

Coma cada 28 de abril, desde CCOO queremos lembrar as persoas traballadoras vítimas de accidentes e enfermidades laborais por traballaren baixo unhas condicións que non garantían nin a súa saúde nin a súa seguridade. Esixímoslles ás empresas o cumprimento estrito da normativa e reclamámoslles aos poderes públicos o seu compromiso para afrontar os cambios necesarios que adapten a lexislación preventiva aos actuais retos do mundo do traballo: vainos a vida nisto. Os accidentes e as enfermidades laborais existen, pero pódense evitar. **Esixe prevención.**

Armando Iglesias Rodríguez
Secretaría de Saúde Laboral
Sindicato Nacional CCOO de Galicia

ACCIDENTES DE TRABAJO

1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

1.1. Accidentes de traballo con baixa en xornada laboral

Segundo os datos do avance de xaneiro-decembro 2023/2024/2025 que publicou o ISSGA, durante o 2025 producíronse en Galicia 30 749 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 89,60 % ocorreron en xornada laboral e o 10,40 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa.

No 2025, en relación co ano anterior, incrementáronse en 407 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 1,49 %.

O índice de incidencia aumentou un +0,01 % con respecto ao ano 2024.

Táboa 1. ACCIDENTES DE TRABALLO CON BAIXA

	ANO 2023	ANO 2024	ANO 2025
Na xornada laboral	27.274	27.146	27.553
'In itinere'	3.149	3.213	3.196
Total	30.423	30.359	30.749

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por gravidade e sexo

O índice de incidencia do ano 2025 foi de 2588,85 (2588,54 no 2024) accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas. Este dato supón un aumento do +0,01 % con respecto ao ano 2024. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada cen mil homes traballadores, 3543,93 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1579,06.

A diferenza de índices entre homes e mulleres increméntase conforme aumenta a gravidade dos accidentes. O índice de incidencia dos leves é 2,22 veces maior nos homes ca nas mulleres, 5,40 veces maior nos graves e ata 7,54 veces maior nos mortais.

No ano 2025 producíronse 27 553 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, dos que 45 foron mortais: 40 homes e 5 mulleres. Os homes sufriron o 70,32 % dos accidentes leves, o 82,60 % dos graves e o 91,37 % dos mortais.

Táboa 2. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR GRAVIDADE E SEXO. ANO 2025

	Nº ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	19.024	8.108	27.132	3.478,11	1.567,27	2.549,29
Graves	320	56	676	58,50	10,82	35,33
Mortais	40	5	45	7,31	0,97	4,23
Total	19.384	8.169	27.553	3.543,93	1.579,06	2.588,85

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En comparación co 2024 (ver táboa 3), o índice de incidencia de accidentes mortais diminuíu un -20,82 % e o dos graves un -10,94 %, mentres que o índice de accidentes leves incrementouse un +0,23 %.

Por sexos, nas mulleres diminúe un -1,35 % o índice de incidencia nos accidentes mortais e un -22,81 % nos homes. Nos accidentes graves, o índice de incidencia diminuíu un -23,27 % nas mulleres e un -8,44 % nos homes. Nos leves incrementouse un +1,05 % nas mulleres e baixou un -0,18 % nos homes.

Táboa 3. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR GRAVIDADE E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA % 2024/2025		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	-0,18 %	+1,05 %	+0,23 %
Graves	-8,44 %	-23,27 %	+10,94 %
Mortais	-22,81 %	-1,35 %	-20,82 %
Total	-0,39 %	+0,83 %	+0,01 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade e sexo

No 2025, o sector de actividade co maior índice de incidencia foi a construción, con 5035,89 accidentes por cada cen mil persoas traballadoras; séguenlle a industria e a pesca con 4763,91 e 3924,57 accidentes, respectivamente.

Por sexos, o índice de incidencia dos homes supera o das mulleres en todos os sectores de actividade pero, sobre todo, na construción (é máis de 10,9 veces maior) e na pesca (máis de 2,2 veces maior). A menor diferenza dáse no sector dos servizos e na industria.

Táboa 4. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E SEXO. ANO 2025

	Nº ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	868	216	1.084	4.202,58	1.880,55	3.372,74
Pesca	532	74	606	4.513,77	2.024,62	3.924,57
Industria	5.871	1.276	7.147	5.570,86	2.858,66	4.763,91
Construción	4.126	43	4.169	5.551,69	507,91	5.035,89
Servizos	7.987	6.560	14.547	2.385,49	1.460,74	1.855,71
Total	19.384	8.169	27.553	3.543,93	1.579,06	2.588,85

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

A segmentación sexual na ocupación reflíctese tamén na distribución dos accidentes por sectores. Nos servizos, a porcentaxe de mulleres que sofren un accidente é lixeiramente inferior á de homes, mentres que nos restantes sectores a diferenza é moito maior.

O maior número de accidentes no 2025 ocorre no sector dos servizos, con 7987 en homes e 6560 en mulleres: 54,90 % nos homes e 45,10 % nas mulleres.

- **Na agricultura:** 19,93 % nas mulleres e 80,07 % nos homes.
- **Na pesca:** 12,21 % nas mulleres e 87,79 % nos homes.
- **Na industria:** 17,85 % nas mulleres e 82,15 % nos homes.
- **Na construción:** 1,03 % nas mulleres e 98,97 % nos homes.

O índice de incidencia diminuíu nos sectores da agricultura, pesca e construción: -5,55 %, -3,35 % e -4,01 % respectivamente (táboa 5). O índice de incidencia aumenta nos sectores da industria e os servizos, un +4,00 % e +0,16 %, respectivamente.

Táboa 5. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTOR E SEXO

	VARIACIÓN RELATIVA % 2024/2025		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	-5,52	-9,29	-5,55
Pesca	-6,17	+21,16	-3,35
Industria	+2,95	+8,75	+4,00
Construción	-3,99	+12,28	-4,01
Servizos	+0,50	-0,34	+0,16
Total	-0,39	+0,83	+0,01

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividade e gravidade

No 2025, a construción acadou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes leves (4928,38 accidentes por cada cen mil traballadores/as). A pesca acadou o índice de incidencia máis alto nos accidentes graves (226,67 accidentes por cada cen mil traballadores/as). A pesca tamén acadou o índice de accidentes máis alto no que respecta aos accidentes mortais (19,43 accidentes por cada cen mil traballadores/as).

O sector dos servizos rexistra o menor índice de incidencia nos tres graos de gravidade.

Táboa 6. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2024

	Nº ACCIDENTES				ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	1.045	34	5	1.084	3.251,40	105,79	15,56	3.372,74
Pesca	568	35	3	606	3.678,48	226,67	19,43	3.924,57
Industria	7.051	87	9	7.147	4.699,92	57,99	6,00	4.763,91
Construción	4.080	80	9	4.169	4.928,38	96,63	10,87	5.035,89
Servizos	14.388	140	19	14.547	1.835,43	17,86	2,42	1.855,71
Total	27.132	376	45	27.553	2.549,29	35,33	4,23	2.588,85

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

O número de accidentes leves aumenta no 2025 con respecto ao 2024 no sector da industria o +5,04 % e nos servizos o +2,20 %. Pola contra, baixa nos sectores da agricultura (-6,45 %), pesca (-8,24 %) e construción (-1,62 %).

O número de accidentes graves aumenta nos sectores da agricultura (+3,03%), a pesca (+40 %) e a industria (+19,18 %). Diminúe nos sector da construción (-25,93 %) e no dos servizos (-20,90 %).

O número de accidentes mortais aumenta no sector da industria (+28,57 %) e diminúe na agricultura (-28,57 %), a pesca (-57,14 %), a construción (-25 %) e os servizos (-17,39 %).

No total de accidentes apréciase un aumento total do +1,50 %.

Táboa 7. EVOLUCIÓN ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2025 SOBRE O 2024

	Nº ACCIDENTES %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	-6,45%	+3,03%	-28,57%	-6,31%
Pesca	-8,24%	+40,00%	-57,14%	-6,91%
Industria	+5,04%	+19,18%	+28,57%	+5,21%
Construción	-1,62%	-25,93%	-25,00%	-2,30%
Servizos	+2,20%	-20,90%	-17,39%	+1,88%
Total	+1,72%	-9,62%	-19,64%	+1,50%

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Canto aos índices de incidencia, diminúen con respecto a 2024 en todos os sectores no total dos accidentes con baixa, a excepción do sector da industria onde aumenta o +4,00 % e no sector servizos o +0,16 %.

Táboa 8. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2024 SOBRE 2023

	ÍNDICE DE INCIDENCIA %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	-1,17	+39,67	+1,58	-0,32
Pesca	-2,90	-12,03	+146,43	-2,66
Industria	-4,80	+4,73	+11,19	-4,73
Construción	-1,03	+3,80	+18,79	-0,87
Servizos	-0,79	+24,02	+2,55	-0,53
Total	-2,19	+12,02	+14,25	-1,79

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por tipo de contrato

No ano 2025 aumentou o número total de accidentes con baixa en xornada laboral do persoal cun contrato indefinido o +0,93 %.

A porcentaxe de accidentes entre as persoas con contrato temporal aumentou un +6,75 %.

Estes datos vense claramente modificados en sentido positiva polos efectos da última reforma laboral, como consecuencia da transformación de moitos contratos temporais en indefinidos. Se ben aumentan os accidentes nas persoas traballadoras con contrato indefinido, non é comparable ao que se reducen os accidentes nas persoas con contrato eventual.

Haberá que seguir a evolución destes datos ano a ano para poder facer unha valoración do impacto positivo real que representa esta reforma laboral.

Táboa 9. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR TIPO DE CONTRATO

TIPO DE CONTRATO	ANO 2024	ANO 2025	VARIACIÓN %
Indefinido	20.428	20.618	+0,93
Temporal	4.831	5.157	+6,75
Autónomo	1.887	1.778	-5,78
Total	27.146	27.553	+1,50

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No 2025, os accidentes de traballo aumentan na Coruña un +0,44 % e en Pontevedra un +4,76 %. En Lugo diminúen un -1,37 % e en Ourense un -1,79 %.

O índice de incidencia de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral redúcese na Coruña un -1,32 %, en Lugo o -2,14 % e en Ourense o -3,19 %. En Pontevedra aumenta o +3,36 % (ver táboa 10).

Táboa 10. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2024		ANO 2025	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	11.783	2.577,10	11.835	2.543,12
Lugo	2.913	2.403,88	2.873	2.352,47
Ourense	3.022	2.915,39	2.968	2.822,28
Pontevedra	9.428	2.571,43	9.877	2.657,73
Galicia	27.146	2.588,54	27.553	2.588,85

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por comunidades autónomas

Na clasificación por CCAA, e utilizando os datos do MITES, Galicia é a quinta comunidade que rexistra máis accidentes con baixa en xornada laboral: 27 534. Dos índices de incidencia, Galicia, con 2583,4 accidentes con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras, é a décimo segunda comunidade, por riba da media estatal que se sitúa en 2547,5.

Táboa 11. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CCAA. ANO 2025

	ORDE	ACCIDENTES EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA	ORDE
Catalunya	1	88.856	2.356,8	17
Andalucía	2	87.647	2.720,4	9
Madrid	3	69.595	1.927,9	18
Comunitat Valenciana	4	53.848	2.509,5	15
Galicia	5	27.534	2.583,4	12
Castilla y León	6	25.915	2.711,5	10
Euskadi	7	25.905	2.550,3	14
Castilla-La Mancha	8	24.925	3.227,4	3
Canarias	9	23.698	2.567,0	13
Illes Balears	10	21.666	3.791,0	1
Murcia	11	18.424	2.839,5	7
Aragón	12	17.802	2.912,4	5
Navarra	13	11.217	3.655,3	2
Asturias	14	10.907	2.855,4	6
Extremadura	15	10.556	2.757,2	8
Cantabria	16	5.999	2.612,4	11
La Rioja	17	4.327	3.155,5	4
Ceuta	18	555	2.309,9	16
Melilla	19	462	1.916,2	19
TOTAL		529.838	Media 2.547,5	

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

No rexistro de accidentes mortais en xornada, **Galicia é a QUINTA comunidade autónoma con maior número, 45**. A primeira é Andalucía con 95, a segunda e Catalunya con 91, a terceira é a Comunitat Valenciana con 66 e a cuarta Madrid con 55.

Canto ao índice de incidencia, Galicia rexistrou un 4,23 accidentes mortais por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción media acadada no conxunto do Estado foi de 2,81. **Galicia é a CUARTA autonomía co índice de accidentes mortais máis elevado**. Castilla-A Mancha é a primeira con 5,32, Asturias é a segunda con 5,24 e Murcia é a terceira con 4,32.

Táboa 12. ACCIDENTES MORTAIS E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CCAA AÑO 2025

	ORDE	ACCIDENTES MORTAIS EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA	ORDE
Andalucía	1	95	2,95	11
Catalunya	2	91	2,41	13
Comunitat Valenciana	3	66	3,08	10
Madrid	4	55	1,52	17
Galicia	5	45	4,23	4
Castilla-La Mancha	6	41	5,32	1
Castilla y León	7	39	3,98	5
Murcia	8	28	4,32	3
Canarias	9	22	2,39	14
Aragón	10	21	3,44	9
Asturias	11	20	5,24	2
Euskadi	12	16	1,58	16
Extremadura	13	14	3,66	6
Navarra	14	11	3,59	8
Illes Balears	15	9	1,58	15
Cantabria	16	6	2,62	12
La Rioja	17	5	3,65	7
Ceuta	18	0	0	0
Melilla	19	0	0	0
TOTAL		584	Media 2,81	

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITES

Accidentes mortais en xornada laboral. Causas

Segundo os datos do ISSGA, no ano 2025 Galicia rexistrou 45 accidentes mortais en xornada laboral: morreron 40 homes (8 menos ca no ano 2024) e 5 mulleres (igual ca no ano 2024).

A causa máis frecuentes foron **os infartos e outras patoloxías non traumáticas**, con 21 accidentes mortais, o cal representa o 46,67 % do total. A segunda causa máis frecuente foron os **choques ou golpes contra obxectos en movemento**, con 8 accidentes mortais que representan o 17,78 % do total.

Os infartos e outras patoloxías non traumáticas están sendo as causas que ano tras ano suman un maior número de persoas falecidas. É necesario chegar ao fondo na investigación destes accidentes para saber cales son as causas raíz que os provocan. Todo apunta a que os factores psicosociais poden estar detrás destas cifras, polo que é imprescindible esixir que se realicen as avaliacións de riscos psicosociais necesarias para tentar evitar estes falecementos.

Táboa 13. FORMA DOS ACCIDENTES MORTAIS EN GALICIA. ANO 2025

FORMA DO ACCIDENTE	TOTAL	%
Contacto coa corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas	2	4,44
Afogamentos, sepultamentos	2	4,44
Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles	4	8,89
Choques ou golpes contra obxectos en movemento	8	17,78
Contacto con axente cortante ou punzante	1	2,22
Atrapamento e amputacións	6	13,33
Sobreesforzo, trauma psíquico e exposición a radiacións	1	2,22
Mordeduras, patadas, picaduras, etc.	0	0,00
Infartos e outras patoloxías non traumáticas	21	46,67
Sen especificar	0	0
TOTAL	45	100

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Accidentes mortais por sectores de actividade

No 2025, a pesca foi o sector de actividade co maior índice de incidencia de accidentes mortais: 19,43 persoas falecidas por cada cen mil persoas traballadoras. O segundo posto ocupouno a agricultura, o terceiro a construción e o cuarto o sector da industria. Por debaixo da media só está o sector dos servizos (ver táboa 14).

En relación co ano anterior, os accidentes mortais diminúen en todos os sectores, agás no da industria, onde se mantén o mesmo dato.

Táboa 14. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES

	ANO 2024		ANO 2025	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA
Agricultura	7	21,61	5	15,56
Pesca	7	43,66	3	19,43
Industria	9	6,67	9	6,00
Construción	12	14,75	9	10,87
Servizos	23	2,98	19	2,42
Total Galicia	58	5,53	45	4,23

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Accidentes mortais por provincias

Por provincias, Lugo rexistra no 2025 o maior índice de incidencia de accidentes mortais con 8,19 persoas falecidas por cada 100 000 persoas traballadoras (ver táboa 15). En comparación co 2024, o índice de incidencia incrementouse en Ourense e diminuíu na Coruña, Lugo e Pontevedra.

Táboa 15. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2024		ANO 2025	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE INCIDENCIA
A Coruña	20	4,37	18	3,87
Lugo	13	10,73	10	8,19
Ourense	2	1,93	4	3,80
Pontevedra	23	6,27	13	3,50
Galicia	58	5,53	45	4,23

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Accidentes mortais por tipo de contrato

Polo tipo de contrato, o 76 % das persoas falecidas por accidente de traballo en xornada laboral no 2024 tiñan un contrato indefinido; foron 44 persoas. O 14 % tiñan un contrato temporal, o cal vén a demostrar a incidencia positiva que está a ter a reforma laboral para as persoas traballadoras con contrato temporal.

En comparación co 2023, aumentaron os accidentes mortais en persoas traballadoras nos tres supostos.

Táboa 16. ACCIDENTES MORTAIS POR TIPO DE CONTRATO

	ANO 2024	ANO 2025
Indefinidos	44 = 76 %	35 = 78 %
Temporais	8 = 14 %	6 = 13 %
Autónomos	6 = 10 %	4 = 9 %
Total	58	45

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

1.2. Accidentes de traballo 'in itinere'

Por gravidade e sexo

- No ano 2025 rexistráronse un total de 3196 accidentes *in itinere*: 1857 de mulleres (58 % do total) e 1339 de homes (42 % do total).
- Ocorreron 17 accidentes *in itinere* menos ca no 2024, cunha diminución do -0,53 %.
- As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes, pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron 8 homes e 2 mulleres).

O gran número de xornadas parciais, en diferentes centros de traballo, pode ser unha das causas deste forte incremento.

Táboa 17. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR SEXO E GRAVIDADE

	Nº ACCIDENTES ANO 2024			Nº ACCIDENTES ANO 2025		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	1.326	1.826	3.152	1.292	1.830	3.122
Graves	35	20	55	39	25	64
Mortais	6	0	6	8	2	10
Total	1.367	1.846	3.213	1.339	1.857	3.196

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias e gravidade

- **O total dos accidentes *in itinere*** aumentou en Pontevedra en 53, e diminuíron na Coruña en 51, en Lugo en 13 e en Ourense en 6.
- **Os accidentes mortais** aumentaron na Coruña en 4, en Lugo e Ourense 1 e diminuíron en 2 en Pontevedra.
- **Os accidentes graves** aumentaron 1 en Ourense e 8 en Pontevedra, e mantéñense en 25 na Coruña e en 5 en Lugo
- **Os accidentes leves** aumentaron en 47 en Pontevedra e baixaron 55 na Coruña, 14 en Lugo e 8 en Ourense.

Táboa 18. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR GRAVIDADE E PROVINCIA

	Nº ACCIDENTES ANO 2024				Nº ACCIDENTES ANO 2025			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
A Coruña	1.340	25	2	1.367	1.285	25	6	1.316
Lugo	243	5	0	248	229	5	1	235
Ourense	244	2	0	246	236	3	1	240
Pontevedra	1.325	23	4	1.352	1.372	31	2	1.405
Galicia	3.152	55	6	3.213	3.122	64	10	3.196

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

2. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL**Por provincias**

No ano 2025 rexistráronse en Galicia un total de 12 312 accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral. Son 792 menos ca no 2024 (-6,04 %).

Baixaron -517 na Coruña, -9 en Lugo, -178 en Ourense e -89 en Pontevedra.

Táboa 19. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS

	ANO 2024	ANO 2025	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
A Coruña	5.338	4.822	-517	-9,67 %
Lugo	1.217	1.208	-9	-0,74 %
Ourense	1.439	1.261	-178	-13,27 %
Pontevedra	5.110	5.021	-89	-1,74 %
Total	13.104	12.312	-792	-6,04 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sectores de actividad

En relación co ano 2024, os accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral diminúen en todos os sectores, menos no da agricultura e a industria que rexistran +23 e +96, respectivamente.

Táboa 20. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES. ANO 2025

	ANO 2024	ANO 2025	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
Agricultura	341	364	+23	6,74
Pesca	186	176	-10	-5,38
Industria	3.470	3.566	+96	2,77
Construcción	1.870	1.724	-146	-7,81
Servizos	7.237	6.482	-755	-10,43
Total	13.104	12.312	-792	-6,04

ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

1. ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

A información que achegamos sobre as enfermidades causadas polo traballo procede do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e do Observatorio das continxencias profesionais da Seguridade Social. A análise céntrase no período xaneiro-decembro de 2025.

A cobertura das enfermidades causadas polo traballo no sistema da seguridade social encarréirase por dúas vías:

- O recoñecemento automático da enfermidade profesional. Segundo o artigo 157 da LXSS (Lei xeral da seguridade social), un traballador ou traballadora ten dereito a cobertura por enfermidade profesional se esa enfermidade foi contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais (EEPP) aprobado polo RD 1299/2006 e está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican nese cadro.
- O artigo 156.2 da LXSS, nos seus apartados *e* e *f*, recoñece que serán consideradas como continxencia profesional aquelas enfermidades non incluídas na relación de EEPP que contraía a persoa traballadora con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo causa exclusiva na súa execución. Tamén as enfermidades ou defectos anteriormente padecidos que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

O sistema de notificación CEPROSS (comunicación de EEPP na seguridade social) achega desde o ano 2007 información das patoloxías sufridas polas persoas traballadoras que están incluídas no cadro de EEPP.

En xuño do 2010 creouse o ficheiro PANOTRATSS, que rexistra as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo que non teñen a consideración de enfermidade profesional.

1.1. Enfermidades profesionais

No *Informe CEPROSS-PANOTRATSS 2017* dise:

Un parte comunicado é un expediente de enfermidade profesional que foi tramitado pola entidade xestora ou colaboradora que asume a cobertura de continxencias profesionais conforme a normativa vixente e supuxo a existencia dunha visita da persoa traballadora a un facultativo que diagnostica unha enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais recollido no RD 1299/2006.

Se cando se realiza a comunicación telemática existe baixa laboral por incapacidade temporal, o parte permanece no que se denomina «estado aberto», pasando a situación de pechado no momento en que finalice a incapacidade temporal.

Os partes pódense pechar por algunha das seguintes causas:

- Alta por curación e/ou alta laboral
- Alta con proposta de incapacidade permanente
- Alta con proposta de cambio de traballo
- Falecemento
- Lesións permanentes non invalidantes
- Sen baixa laboral
- Outras causas. *Neste apartado inclúense as situacións de cualificación do parte como accidente de traballo ou enfermidade común aínda cando o traballador continúe de baixa médica laboral.*

1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais

Segundo os datos de xaneiro a decembro do ano 2025, rexistráronse 1572 EEPP, 92 máis ca no ano 2024 (+6,22 %).

O 58,90 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral e o 41,10 % sen baixa. En comparación co ano 2024, os partes con baixa aumentaron un +3,58 % (32 máis) e os sen baixa incrementáronse un +10,24 % (60 máis).

Táboa 1. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA

	ANO 2024	ANO 2025	VARIACIÓN ABSOLUTA	VARIACIÓN ANUAL %
Con baixa	894	926	+32	+3,58 %
Sen baixa	586	646	+60	+10,24 %
Total	1.480	1.572	+92	+6,22 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sexo

Das EEPP rexistradas no ano 2025, o 46,88 % foron de mulleres, 752 partes comunicados. O 53,12 % dos partes comunicados foron de homes, 852 partes.

Nas mulleres, os **partes con baixa foron** o 47,15 %, con 442 partes. Nos homes foron o 52,85 %, con 506 partes.

Nas mulleres, os **partes sen baixa foron** o 47,25 %, con 310 partes. Nos homes foron o 52,75 %, con 346 partes.

Táboa 2. EEPP POR SEXOS. ANO 2025

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Homes	506	346	852
Mulleres	442	310	752
Total	948	656	1.604

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade

O sector con maior recoñecemento de enfermidades profesionais é a industria, con 703 (44,74%); o segundo foi o dos servizos con 695 (44,15%); o terceiro, a construción con 137 (8,73%); o cuarto, a agricultura con 24 (1,54%) e o quinto foi o da pesca con 13 (0,84%).

O sector que, en proporción, registrou máis EEPP con baixa ca sen baixa foi a agricultura: o 66,66%. Os seguintes son a industria cun 63,00%, os servizos cun 56,40%, a pesca cun 53,85%, e a construción co 49,63%.

Táboa 3. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2025

SECTOR	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
Agricultura	16	8	24	1,54
Pesca	7	6	13	0,84
Industria	443	260	703	44,74
Construción	68	69	137	8,73
Servizos	392	303	695	44,15
Total	926	646	1.572	100 %

FONTES: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por sector de actividade e por sexo

Os sectores da pesca (84,62%), a industria (70,86%) e a construción (80,47%) suman máis casos de EEPP en homes que en mulleres.

En cambio, no sector dos servizos ocorre o contrario (61,00%), suman máis casos de EEPP as mulleres con respecto aos homes. No sector da agricultura están ao 50%.

Táboa 4. EEPP POR SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO. ANO 2025

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	12	12	24
Pesca	11	2	13
Industria	498	205	703
Construción	136	33	169
Servizos	195	500	695
Total	852	752	1.604

FONTES: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por grupo de enfermidade

O cadro de EEPP foi aprobado polo Real decreto 1299/2006. Inclúe unha listaxe de enfermidades recoñecidas como profesionais e os traballos e substancias que expoñen ao risco de contraelas.

A listaxe recolle seis grupos de EEPP:

- **Grupo 1:** EEPP causadas por axentes químicos
- **Grupo 2:** EEPP causadas por axentes físicos
- **Grupo 3:** EEPP causadas por axentes biolóxicos

- **Grupo 4:** EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados
- **Grupo 5:** EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados
- **Grupo 6:** EEPP causadas por axentes carcinóxenos

No 2025, o maior número de partes de EEPP comunicados concéntrase no grupo 2, co 77,93 % (EEPP causadas por axentes físicos).

No grupo 4 contabilízanse o 10,75 % dos partes comunicados; é o segundo grupo con maior número de partes (EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados).

Táboa 5. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE. ANO 2025

GRUPO	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
Grupo 1	37	34	71	4,52
Grupo 2	740	485	1.225	77,93
Grupo 3	16	26	42	2,67
Grupo 4	101	68	169	10,75
Grupo 5	29	31	60	3,82
Grupo 6	3	2	5	0,31
Total	926	646	1.572	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Por provincias

No ano 2025, a provincia coa cifra máis alta de partes comunicados de EEPP é Pontevedra con 744, o 47,33 % de todos os rexistrados en Galicia. A segunda foi A Coruña con 449 partes, o 28,56 % do total; a terceira foi Ourense con 268, o 17,05 %, e a cuarta foi Lugo con 111, o 7,06 %.

Táboa 6. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS. ANO 2025

PROVINCIA	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
A Coruña	298	151	449	28,56
Lugo	60	51	111	7,06
Ourense	172	96	268	17,05
Pontevedra	396	348	744	47,33
Total	926	646	1.572	100 %

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Seguimos a voltas co «absentismo»

Hai un ano, na anterior edición deste informe anual sobre a sinistralidade laboral, xa falabamos da campaña persecutoria contra as persoas traballadoras que se estaba dando por parte da patronal e do Goberno da Xunta de Galicia. Pois ben, esta campaña non perdeu forza, máis ben está sendo todo o contrario, o ruído xa é enxordecedor.

As persoas traballadoras estamos a sufrir un acoso e derruba nunca antes coñecido. Mentres que as cargas e os ritmos de traballo aumentan a cada pouco, cando a presión sobre nós e xa insufrible, no momento en que a idade media dos traballadores e traballadoras sobe considerablemente, a patronal e a Xunta miran para outro lado, miran para o lado que lles interesa.

Algunhas empresas —máis das que pensamos— non teñen intención nin interese en investir na saúde do seu persoal. Ao cen por cento das mutuas non lles interesa facerse cargo das doenzas provocadas polo traballo; elas están para ganar cartos, non para dar servizo ás persoas que se danan a consecuencia do traballo. Por último, o Goberno da Xunta está máis preocupado en desmantelar os servizos públicos para despois privatizalos; esquece o que debería ser o seu cometido: dotar os galegos e as galegas dos servizos públicos necesarios e de calidade.

Mentres a patronal e a Xunta manteñan este pulso coa clase traballadora, terán as CCOO en fronte defendendo os dereitos de todos os traballadores e traballadoras e en xeral de toda a cidadanía.

O mal chamado «absentismo laboral»

A Organización Internacional do Traballo (OIT) define o absentismo laboral como **«unha situación na que o traballador non se presenta no seu lugar de traballo, ou acode menos horas do estipulado, cando desde a organización se esperaba que acudise ou permanecese todo o tempo no devandito lugar»**.

A pesar do que di con total claridade a OIT, ao Goberno e aos empresarios galegos interésalles utilizar o termino *absentismo* para sinalar e criminalizar a toda persoa traballadora que falta ao seu traballo, sexa polo motivo que for.

É doado culpabilizar a parte máis indefensa desta ecuación, a clase traballadora, cando a realidade é que os únicos culpables do gran número de **«horas non produtivas» (así é como hai que chamalas)** son os empresarios e Goberno galego, pois á parte de simples opinións, os datos non enganan e deixan en evidencia de quen son verdadeiros culpables desta situación.

Vaiamos por partes: por unha banda temos os empresarios que, de forma constante e reiterada, se instalan no recuncho do vitimismo, saíndo en todos os medios de comunicación ao seu dispor —e son moitos— a mostrar como sofren para manter as súas empresas malia que, en moitos casos, segundo eles din, non son rendibles. Desde logo, CCOO

non ten constancia de ningunha empresa que manteña o emprego coma se se tratase dunha ONG, nada máis lonxe da realidade. Pero si coñecemos algunhas que, a pesar de ter unha gran carga de traballo e beneficios, acaban pechando por unha xestión irresponsable da súa dirección, importándolles ben pouco as familias que deixan na rúa.

Segundo os datos publicados polo Observatorio de marxes empresariais que fan referencia ao ano 2024, a rendibilidade media das empresas segue aumentando e sitúase en niveis máximos de valor engadido xerado sobre vendas (24,5 %) e de marxe bruta empresarial sobre vendas (13,1 %). Incluso excluindo as actividades enerxéticas, as marxes empresariais seguen en máximos.

As vendas das empresas medran máis que os seus custos en 2024, o que explica o aumento do valor engadido e as súas marxes. A produtividade do traballo, medida como o valor engadido bruto (VEB) xerado por cada asalariado/a, seguiu crescendo no 2024. Entre 2009 e 2024, en termos nominais, o VEB por asalariado/a aumentou un 50 %, mentres que a remuneración media por asalariado/a só creceu un 28 %. Estes datos (que non son opinións) poñen de manifesto que, en termos xerais, as empresas son cada vez máis rendibles e que existe un importante desequilibrio con respecto aos salarios.

Doutra banda temos o Goberno galego, que dun tempo para acá se dedica a perseguir a calquera persoa asalariada que se atope en situación de incapacidade temporal por enfermidade, no canto de investir o tempo en poñer solución ás causas que provocan a perda de horas produtivas.

Semella que Goberno e empresarios esquecen que os accidentes laborais aumentan ano tras ano como consecuencia dos altos ritmos e cargas de traballo, dunha maior presión por parte do empresario, do pouco investimento e formación en prevención dos riscos laborais e da precariedade do emprego en xeral. No ano 2024 faleceron 58 persoas na súa xornada laboral, o que supón un incremento dun 16 % respecto do 2023, e producíronse 414 accidentes graves, cun incremento de case o 15 % respecto do 2023. No relativo aos accidentes leves, hai un sospeitoso descenso, pois temos claro que a maior número de accidentes graves e mortais, maior número de accidentes leves, sempre e cando se rexistren, o cal parece pouco probable neste caso.

Este Goberno da Xunta ten que deixar de atacar os traballadores e traballadoras galegas, debe poñer todo o seu interese e os medios necesarios para acabar con estes elevados datos de accidentes laborais. Cómpre reforzar a inspección médica e a inspección de traballo, para que os accidentes e enfermidades que son consecuencia do traballo non se deriven á sanidade pública, evitando así a fraude. Tamén debe poñer os medios para garantir que se cumpre a normativa sobre a prevención de riscos laborais, endurecendo as sancións ás empresas incumpridoras.

Pero tampouco podemos esquecernos da debilidade da sanidade pública, provocada pola falta de recursos por mor do desmantelamento que este goberno está aplicando nos últimos anos e que toda a cidadanía sofre acotío.

Botando unha ollada á páxina do Sergas podemos constatar que esta falta de recursos é a causa de que a media de espera para unha consulta médica en Galicia sexa de 71 días, chegando aos 142 días de media na provincia de Ourense, concretamente non Complexo Hospitalario Universitario. Por poñermos algún exemplo por provincias, cando imos ao detalle por especialidade atopámonos con que en Ourense, nalgún centro hospitalario, hai que esperar unha media de 326 días para unha consulta de rehabilitación ou 159 días para oftalmoloxía. En Lugo, 291 días para anestesioloxía e 182 días para dermatoloxía e neuroloxía. Na Coruña, 102 días para traumatoloxía e 101 para neuroloxía. En Pontevedra, 112 días para psiquiatría e 101 días para neuroloxía. A espera para unha intervención cirúrxica alcanza de media os 72 días, chegando na Coruña a 138 días para neuroloxía e 125 días para traumatoloxía. En Ourense, 154 días para neurocirurxía e 104 para xinecoloxía.

En Galicia, durante o ano 2024, a duración media dunha incapacidade temporal (IT) foi de 74 días, a segunda máis alta do Estado, só por detrás de Extremadura. Non fai falta ser un experto para decatarse de que unha das causas máis impactantes destes extensos períodos de IT son as longas listas de espera que mencionamos.

Teñamos en conta tamén que esa demora na atención médica provoca que se esgote o período máximo de IT sen que en moitos casos a persoa traballadora obteña un diagnóstico e tratamento adecuado para a súa curación, con consecuencias, en primeiro lugar, para esta persoa, que causa baixa na cotización á seguridade social e, logo, moi probablemente, o INSS acabe recoñecéndolle unha incapacidade permanente total que, segundo a normativa vixente, lle garante unha reserva do posto de traballo de dous anos. Pero que pasará se transcorridos eses dous anos a persoa é tratada e este proceso acaba en curación? Pois que queda sen o seu posto de traballo e sen a súa pensión.

Isto é o que sucede cando o obxectivo dun goberno non é atender as necesidades da cidadanía; isto é o que pasa cando os nosos problemas de saúde representan unha posibilidade de negocio para moitos.

Que non traten de culpabilizar a persoa enferma, que non poñan en dúbida a profesionalidade das persoas que nos dan atención médica: os únicos culpables desta situación son o Goberno galego e algúns empresarios sen escrúpulos.

